



PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA A SOLICITUDE E TRAMITACIÓN DAS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025 AO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2026

Serán incorporables as cantidades non executadas durante o exercicio 2025 correspondentes aos créditos con financiamento afectado. Esta incorporación realizarase de xeito automático no aplicativo UXXI-Ec.

Así mesmo, serán incorporables os créditos recollidos no artigo 6.5.2 das Normas de execución do orzamento do ano 2026 (Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais) . A incorporación destes créditos terá que ser solicitada seguindo o procedemento descrito nas normas seguintes:

1. Solicitude

A solicitude dirixirase ao Servizo de Control Interno a través de correo electrónico (servizo.controlinterno@udc.gal) indicando no asunto de forma expresa «solicitude de incorporación».

Ao correo achegarase o formulario previsto no anexo a esta instrución e toda a documentación que acredite o carácter incorporable dos fondos.

2. Prazo

As solicitudes pódense presentar ata o 29 de xaneiro de 2026. Fóra destas datas serán analizadas pola Comisión de Incorporacións.

3. Tramitación

Correspóndelle ao Servizo de Control Interno comprobar a procedencia da incorporación dos fondos solicitados.

O Servizo de Control Interno, unha vez que estea acreditado que se trata de fondos incorporables e unha vez emitido o informe favorable, trasladaralle a solicitude á Sección de Orzamentos.

Unha vez comprobada a procedencia das cantidades solicitadas, a Sección de Orzamentos procederá a contabilizar en UXXIEC o documento de incorporación.



4. Comisión de Incorporacións

Correspóndelle á Comisión de Incorporacións resolver as discrepancias que existan entre as unidades tramitadoras solicitantes e o informe do Servizo de Control Interno.

Así mesmo, correspóndelle á Comisión de Incorporacións determinar a procedencia das incorporacións solicitadas fóra de prazo.

A Comisión de Incorporacións estará integrada por:

- O vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica, ou persoa en quen delegue
- A xerenta, ou persoa en quen delegue
- O vicerreitor de Investigación e Transferencia, ou persoa en quen delegue

O xefe do Servizo de Control Interno, ou persoa en quen delegue, asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto.

Asinado dixitalmente.